

# Morfoloxía verbal e variación dialectal no galego da Idade Media: as formas de perfecto

*Carlos Cordeiro Moledo*

Universidade de Santiago de Compostela

1. Unha simple achega á morfoloxía do galego durante o período medieval dá idea da enorme variedade que presentaba, sobre todo no que ten que ver coa morfoloxía verbal e, dentro desta, co tema de perfecto. O escenario que é posible deseñar durante este período deu lugar a sucesivos cambios e modificacóns nos diferentes estadios da evolución da lingua e que hoxe conflúen no mapa que é posible trazar sobre a realidade lingüística do galego.

Como mostra desa variación no período máis arcaico da escrita en galego imos fixa-la nosa atención en dous fenómenos moi significativos: a creación e xeneralización dun morfema número-persoal *-n* para a P1 dos perfectos fracos da CII e CIII e dos perfectos fortes e a evolución das P1 e P3 dos perfectos fortes. A análise destes procesos dende unha dobre perspectiva, histórica e espacial, vainos permitir dar conta da súa aparición, vitalidade, etc. durante os distintos cortes cronolóxicos e da súa difusión e/ou reparto no antigo territorio lingüístico do galego.

A orientación do traballo, dialectal e diacrónica, esixe contar cun material de traballo que ofrece información cronolóxica e xeográfica da súa redacción. É por iso polo que optamos pola consulta de material proveniente de coleccións documentais editadas<sup>1</sup> provistas de datación e localización<sup>2</sup>. Cúbrese con isto un amplio arco cronolóxico que se inicia no 1254 e remata no 1516<sup>3</sup>. Non acadámo-la mesma cobertura co espacio xeográfico galego por razóns ben obvias, e é que durante o período medieval só contaban con escritorios emanadores de documentación os centros nobiliarios, relixiosos (catedrais, mosteiros, conventos), e núcleos de poboación de certa entidade. Con todo, a relación de puntos extraída das

<sup>1</sup> As referencias completas de cada unha delas aparecen recollidas no apartado final deste traballo. No corpo do texto os exemplos documentados irán acompañados da súa correspondente data e localización seguidos dunha abreviatura que identifica a colección da que foron tirados.

<sup>2</sup> Este último factor pode resultar, por veces, problemático, xa que é posible que o redactor dun documento sexa forasteiro do lugar en que se redacta. É por iso polo que só a ocorrencia de datos nunha determinada área permite tirar conclusións sobre a diatopía dun fenómeno.

<sup>3</sup> Estes termos cronolóxicos están establecidos conforme ós documentos máis antigo e máis moderno dos manexados para o establecemento do corpus que serviu de base para este traballo. O primeiro deles, datado en 1254 en San Estevo de Ribas de Sil, forma parte da colección documental do mosteiro do mesmo nome e o último, de 1516, foi redactado polo notario de Padrín, lugar próximo á Coruña.

coleccións examinadas sobre razoablemente o territorio sobre o que centrámola nosa investigación<sup>4</sup>.

2. Como dicíamos anteriormente, a creación dunha desinencia nasal para a P1 dos perfectos fracos en *-er* e *-ir* e para os perfectos fortes constitúe un dos fenómenos más característicos da morfoloxía verbal do galego durante o período medieval<sup>5</sup>. No seu traballo de “morfología histórica” do verbo portugués, Piel fundamenta esta innovación nunha transformación espontánea da vocal final en nasal nos verbos da CII e CIII<sup>6</sup>. Pola contra hai quien prefire explicar a xénesis desta marca nun influxo analóxico a partir das formas *vin* (< VĒNI), único perfecto galego con nasal etimolóxica, e *son* (< SŪM)<sup>7</sup>. Na súa monografía sobre o desenvolvemento histórico do verbo galego e portugués Webster tamén asenta a súa difusión a partir da forma *vin*, aínda que engade razóns de tradición escrita e influencia castelanizante para xustifica-la súa tardía translación á escrita. Asimesmo establece unha cronoloxía do fenómeno, iniciada coa xeneralización da forma verbal *vin* e posterior reanálise dese *-n* como unha marca que logo se estendeu, primeiramente ós verbos da terceira clase (en *-ir*)<sup>8</sup> e logo ós perfectos fortes rematados en final vocálico *-e* non acentuado. Só finalmente entende que o proceso actuou sobre as restantes formas de P1 de pretérito, exceptuando ós verbos da primeira clase (*-ar*)<sup>9</sup>.

Cos datos que nós manexamos é posible, non só tentar establecer unha orde cronolóxica da extensión do proceso, senón tamén ofrecer unha aproximación a cal sería a súa distribución no territorio. As primeiras documentacións recollémolas xa en textos do século XIII; son en total cinco exemplos de catro formas diferentes: *figen* [1254 Santo Estevo de Ribas de Sil (SERS), 1292 Terra de Temes (SMO)], *entendin* [1298 Terra de Temes (SMO)], *ouven* [1282 Asma (SMO)] e *scriuñ* [1299 Tebra (HGP)]. Estes testemuños permiten data-lo fenómeno xa na segunda metade do século XIII en dúas áreas discontinuas do sur de Galicia: unha na área ourensá da conca do Miño-Sil, e outra no sur da actual provincia de Pontevedra. Chama a atención, xa de entrada, a acumulación que se detecta na primeira das zonas, xa que son só tres puntos relativamente próximos (Asma, Terra de Temes e Santo

<sup>4</sup> En total foron vinte as coleccións documentais manexadas, algunas delas de maneira parcial, e delas conseguimos inventariar máis de mil exemplos das formas que analizamos.

<sup>5</sup> Estas formas tampouco foron estranhas ó portugués, aínda que se documentan de maneira residual e, sobre todo, en localizacións do sur. Aparecen recollidos algúns exemplos en José Leite de Vasconcellos (1987): *Esquisse d'une Dialectologia Portugaise*. Lisboa: Instituto Nacional de Investigação Científica, p. 110.

<sup>6</sup> Vid. Joseph M. Piel (1944): “A flexão verbal do português. (Estudo de morfología histórica)”, in *Biblos: Revista da Faculdade de Letras da Universidade de Coimbra* XX, pp. 359-404, p. 387.

<sup>7</sup> Vid., por exemplo, Manuel Ferreiro (1995): *Gramática histórica galega*. Santiago de Compostela: Laiovenzo, pp. 290-291.

<sup>8</sup> Probablemente, por ser nun verbo dessa clase mórfica, *vir*, onde se inicia o proceso.

<sup>9</sup> Vid. Lee Charles Webster, Jr. (1987): *Historical morphology of the Galician-Portuguese verb: The direction of analogical change*. Ann Arbor: University of Minnesota, pp. 109-110.

Estevo de Ribas de Sil) de onde emanen os documentos que acollen catro dasas documentaciós.

Cara ó final da seguinte centuria evidenciámo-la existencia desta marca en textos provenientes doutras tres áreas do occidente e centro do territorio. En Vilafranca do Bierzo, fóra da actual demarcación administrativa de Galicia, pero dentro do espacio lingüístico galego, documentamos tres exemplos de dúas formas de pretérito de verbos monosilábicos, *liyn* [1370 Vilafranca do Bierzo (SMB) (2 v.)] e *vyn* [1370 Vilafranca do Bierzo (SMB)]. Un pouco posteriores son os que atopamos en puntos da actual provincia da Coruña: *escripuim* [1374 Padrón (SDS)] e *escriujn* [1381 Pontedeume (DG)].

Á vista destes datos non se percibe continuidade temporal ou espacial entre os exemplos destes dous séculos. Naqueles puntos en que primeiro se documentou este cambio morfolóxico non se recollen máis mostras no seguinte período. Ademais, a distancia cronolóxica que separa as formas reunidas para cada unha das etapas resulta considerable: os últimos exemplos do século XIII datan de 1299 e pasan uns setenta anos ata que se volven documentar de novo.

A situación que se advirte no século XV é radicalmente diferente. Aínda que estas formas de pretérito continúan a ser moi minoritarias fronte a aquellas que non presentan este incremento nasal, os exemplos que se atopan nos documentos son más numerosos e é posible documentalos en cásen que tódalas décadas do período. En canto á súa distribución espacial, detéctanse novos núcleos de difusión ó lado doutros nos que xa se documentaran exemplos deste tipo nos séculos anteriores. Así, volvemos documentar máis mostras na conca do Miño-Sil: *escribín* [1452 Ourense (VFD)], *escripin* [1404 Oseira (VDF)], *escribyn* [1497 Morgade (HGP)] e *fyzin* [1497 Morgade (HGP)] e, nunha área ourensá relativamente próxima, *uendín* [1436 Ribadavia (SDR)], *escribin* [1483 Ribadavia (SDR)], *pugen* [1483 Ribadavia (SDR)] e *escriuin* [1488 Celanova (VDF)].

Na comarca das Mariñas testemuñamos un exemplo máis que se vén sumar a outro máis antigo apuntado anteriormente, *rreçebj-* [1403 Betanzos (DG)].

Outra pequena área que tamén é posible individualizar nesta altura sitúase en torno á ría de Arousa, na comarca do Salnés. Constitúe a primeira concentración clara de exemplos na marxe máis occidental do territorio no proceso de expansión da innovación morfolóxica que nos ocupa: *escripuyn* [1407 Armenteira (HGP)], *comjn* [1419 Abelleira (HGP)], *vendyn* [1419 Abelleira (HGP)], *escribyn*, *escrivyn* [1438 Vilagarcía (SV)] e *escrebin* [1478 Vilagarcía (SV)].

Outro punto no que tamén se concentran exemplos desta mudanza sitúase nunha latitude superior, a vila de Viveiro. En documentos emanados de escritorios desa localización recollemos en diferentes décadas deste século tres formas: *recebyn* [1421 Viveiro (SDV)], *escrivin* [1459 Viveiro (SDV)] e *escrebyn* [1479 Viveiro (SMIC)].

Finalmente, os dous últimos exemplos recollémolos en puntos illados do occidente coruñés: *oym* [1427 San Martiño de Coucieiro (FDUSC)] e *vendyn* [1433 Carnota (FDUSC)].

No século XVI<sup>10</sup> só constatámo-la existencia deste tipo de formas nun documento de 1516, xustamente, o máis moderno dos manexados para o establecemento do corpus: *escribjn* [1516 Padrín (HGP)] e *rresçebjn* [1516 Padrín (HGP)].

A modo de resumo podemos dicir que a xeración e propagación deste cambio morfolóxico ten a súa orixe nos inicios da escrita en galego seguindo un movemento expansivo que o levaría do centro-sur cara ó norte e leste primeiro, e cara ó resto das latitudes despois. Os primeiros exemplos documéntanse no século XIII de maneira moi minoritaria e só a partir do XV se manifesta un uso máis frecuente. É probable que esteamos diante dun procedemento de translación ó piano da escrita dun fenómeno existente e estendido na fala e que actuasen sobre el procesos de prestixio e tradición gráfica que freasen dalgunha maneira o seu normal desenvolvemento. Con todo, esta marca acabou por triunfar e hoxe caracteriza á totalidade das falas galegas de maneira case exclusiva<sup>11</sup>.

3. O capítulo dedicado ós perfectos fortes ou rizotónicos no galego medieval constitúe un dos más complicados da morfoloxía verbal dessa época, non só pola complexidade e variedade de resultados, senón tamén pola súa peculiar evolución durante ese período. A situación que se rexistra nos primeiros momentos da escrita en galego é debedora en grande parte da que presentaba o latín. Sen embargo, a tradicional división conforme á súa realización entre perfectos sigmáticos en *-si* ou *-xi* (*dixi*), en *-ūi* (*habūi*) e en *-i* con inflexión vocálica da raíz (*feci*) non se revela productiva e faise necesario acomete-lo seu estudio dende outro punto de vista. A tentativa de clasificación que ensaiou Piel no seu clásico estudio da morfoloxía verbal do galego e do portugués en tres grupos, os perfectos monosilábicos (*fiz, vin*) fronte ós disilábicos (*disse*), os rematados en vocal (*vi, disse*) fronte ós rematados en consoante (*fiz*) e os que presentan coincidencia formal na P1 e P3 (*disse*) fronte a aqueles que non a presentan (*fiz, fez*), tampouco parece resultar moi eficaz, á vista dos propios paradigmas que el documenta e reproduce para cada un deses verbos<sup>12</sup>.

Con todo, unha das características enunciadas por Piel para individualizar un grupo de formas fronte ó outro vai constituí-lo noso punto de partida. É certo que a particular evolución fonética do galego propiciou que, nun principio, as formas

<sup>10</sup> Hai que ter en conta que a partir deste século a documentación redactada orixinariamente en galego comeza a ser minoritaria fronte a aquela en que se emprega o castelán. De aí que sexa moi reducido o número de textos galegos que vaian máis alá da segunda década do século dos que poder botar man e dos que poder tirar exemplos.

<sup>11</sup> Vid. Francisco Fernández Rei (1991): "Conservadurismo e innovación no sistema de desinencias verbais do galego: o perfecto", in Dieter Kremer (ed.): *Actes du XVIII<sup>e</sup> Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes*, vol. III, pp. 632-644 e (1991<sup>2</sup>) *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais, pp. 85-86 e Constantino García, Antón Santamarina, Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Manuel González González (1990): *Atlas Lingüístico Galego. Volume I, 1: Morfoloxía Verbal*. A Coruña: Instituto da Lingua Galega/Fundación Pedro Barrié de la Maza, mapa 50 *collín*, mapa 143 *partín* e mapa 184 *rin* (IP).

<sup>12</sup> Vid. Joseph M. Piel (1944): "A flexão verbal do português. (Estudo de morfología histórica)", *Op. cit.*, esp. pp. 387-393.

rizotónicas do perfecto de P1 e P3 presentasen coincidencia formal; sen embargo esa situación non se mantivo estática e describe só os primeiros estadios da escrita en galego. O proceso disimilatorio iniciado para desface-la homonimia que se producía nesas persoas desenvolveuse ó longo de todo o período e afectou en diferentes graos de intensidade ós verbos implicados. Nas seguintes liñas fixarémo-la nosa atención na evolución cronolóxica e espacial deste cambio morfolóxico tomando como base o conxunto de formas de P1 e P3 que puidemos reunir dos verbos *aduzer*, *caber*, *dicir*, *estar*, *facer*, *haber*, *pór*, *pracer*, *querer*, *saber*, *ter* e *traer*<sup>13</sup>.

Partimos, pois, dunha situación inicial de coincidencia formal entre a P1 e P3 destes verbos, homonimia que se manifestaba no feito de comparti-las desinencias –*el-i* nos resultados disilábicos de *dicir*, *estar*, *haber*, *pracer*, *saber* e *ter*, e –*ø*, nos resultados monosilábicos de *facer*, *pór* e *querer*<sup>14</sup>. Sen embargo, o período de convivencia de formas idénticas para estas dúas persoas non é coincidente en tódolos verbos, xa que abrangue períodos máis ou menos amplos, nin tampouco na súa distribución no territorio, xa que parece concentrarse en áreas moi determinadas. Debido a que é a P1 a que se mantén inalterada (mantéñen os resultados en –*e* ou –*i*) e a que é a P3 a persoa na que se inicia o proceso de disimilación incrementeando un novo morfema número-persoal á forma verbal, no caso de *facer*, *pór* e *querer*, ou substituíndo o antigo –*e* por este novo –*o*, no resto dos casos, fixarémo-la nosa atención nesta última. A análise das súas documentacións son as que nos darán unha idea aproximada de cómo se desenvolveu esta mudança morfolóxica. Por razóns de claridade expositiva manterémo-los dous grupos establecidos anteriormente.

Para o primeiro deses grupos, aquel que reúne os resultados disilábicos de perfectos fortes, a situación que se documenta é a seguinte: os resultados más arcaicos, isto é, con desinencia –*e* coincidente coa que presentaba a P1, testemúñanse de maneira maioritaria fronte a aqueles innovadores, sobre todo, durante os séculos XIII e XIV e parecen concentrarse, como despois veremos, en tres áreas do territorio. Para *dicir* recollemos exemplos de *dissi* [1283 Baiona (HGP) (2 v.)], *disse* [1289 Baiona (ROT), 1290 Salvaterra (BVM) (3 v.), 1290 Salvaterra (HGP) (3 v.), 1295 Santiago (FDUSC), 1303 Baiona (BVM), 1310 Tebra (ROT) (18 v.)] e *dise* [1347 Terra de Sobroso (ROT) (2 v.)]; para *saber* temos *soube* [1333 Santiago (HGP)]; para *haber* as formas son *ouve* [1280 Maceda (SSST), 1325 Louriña (ROT) (2 v.), 1347 Bama (FDUSC), 1437 Santiago (SBC)], *ouue* [1282 A Coruña (HGP)].

<sup>13</sup> Para o antigo verbo *aduzer* e para *caber*, *pracer* e *querer* só conseguimos documentar formas de P3.

<sup>14</sup> Este será o noso punto de partida e o estudio da súa variación espacial e cronolóxica a finalidade deste traballo. Non é a nosa intención analiza-la evolución dos radicais destes perfectos e a súa rendibilidade dende o punto de vista dialectal ou diacrónico durante este período, labor realizado, en parte, por Xavier Varela Barreiro no seu recente traballo “A evolución do radical dos pretéritos irregulares sigmáticos”, in Rosario Álvarez e Dolores Vilavedra (coords.) (1999): *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, vol. I. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 1047-1072.

1295 Santiago (FDUSC), 1297 Baiona (HGP), 1378 Santiago (FDUSC), 1432 Santa María de Quintá (FDUSC) (2 v.)] e *houue* [1299 Santiago (HGP)]; para *pracer* documentamos *plougue* [1273 Tebra (ROT)], *prougue* [1295 Tebra (HGP) (2 v.)], *aplougue* [1296 Baiona (HGP), 1307 Baiona (ROT), 1309 Baiona (ROT), 1332 Baiona (ROT)], *aprougue* [1322 Fragoso (ROT), 1389 A Guarda (ROT)] e *aprouve*<sup>15</sup> [1395 Tui (ROT)] e, finalmente, para *estar* e *ter esteue* [1290 Salvaterra (HGP)], *esteve* [1290 Salvaterra (BVM), 1293 Baiona (ROT) (2 v.)], *teue* [1290 Monterrei (HGP), 1299 Pontevedra (HGP), 1327 Santiago (FDUSC) (2 v.), 1427 San Martiño de Coucieiro (FDUSC) (2 v.)] e *teve* [1290 Salvaterra (BVM), 1343 Santiago (FDUSC) (2 v.), 1351 Muros (FDUSC), 1351 Santiago (FDUSC), 1370 Tui (ROT)]. Como se pode apreciar, este tipo de resultados son más habituais durante os séculos XIII e XIV, mentres que no XV só recollemos exemplos de *haber* (*ouue*, *ouve*) e *ter* (*teue*). Se nos fixamos nos puntos xeográficos dos que emana a documentación da que tomamos estas formas vemos que é posible establecer tres áreas de concentración ben definidas. A primeira delas estaría situada no sur pontevedrés, unha zona fronteiriza con Portugal e continuadora, nalgúnha maneira, da situación que naquela altura presentaba o portugués neste punto. De feito, son localizacións como Tui, A Guarda, Tebra e Salvaterra, xunto con Baiona, Terra de Sobroso, Louriña, Fragoso e Pontevedra, as que concentran a maioría destes resultados. As outras dúas áreas sitúanse en torno a Santiago, con documentacións nese mesmo punto e nos lugares de Bama, Santa María de Quintá e San Martiño de Coucieiro, e en territorio ourensán (Maceda e Monterrei). Fóra destas, recollemos senllas documentacións en dous puntos da actual provincia coruñesa, Muros e A Coruña.

Pola contra, as formas innovadoras, aquelas que resolven a homonimia por medio da incorporación dese novo morfema flexivo *-o*, presentan unha historia de signo contrario: documéntanse de maneira residual durante o século XIII e só se comezan a xeneralizar a partir da centuria seguinte, sendo case únicas xa no XV. O resultados que evidencian ese cambio son, para estes mesmos verbos os seguintes: de *aduzer* temos *adusso* [1336 Santiago (FDUSC)]; de *caber* testemuñamos *coubro* [1370 Vilafranca (SMB) (2 v.)]; de *dicir* recollemos *disso* [1260 Meira (DAG) (2 v.), 1274 Ourense (DCOU), 1295 Santiago (FDUSC), 1302 Monforte (DAG) (2 v.), 1303 Baiona (BVM) (2 v.), 1327 Terra de Dubra (FDUSC), 1328 Dubra e Montaos (SMB) (2 v.), 1332 Santiago (FDUSC) (4 v.), 1333 Caldelas (HGP), 1333 Santiago (HGP), 1336 Bama (FDUSC), 1336 Santiago (FDUSC), 1340 Santiago (FDUSC) (3 v.), 1344 Santiago (FDUSC) (2 v.), 1344 Santiago (HGP) (2 v.), 1345 Vilachá (FDUSC) (3 v.), 1354 Santiago (SBC), 1358 Santiago (SMB), 1359 Santiago (FDUSC) (3 v.), 1361 Santiago (2 v.), 1367 Tui (ROT) (4 v.), 1373 Santiago (SMB) (2 v.), 1377 Santiago (SMB) (7 v.), 1385 Muros (FDUSC), 1386 Muros (FDUSC), 1394 Tui (ROT), 1399 Muros (FDUSC) (4 v.), 1407 Salgueiros (FDUSC), 1434


<sup>15</sup> Non é estralo que esta forma, resultado da analogía con *houue*, se documente nun punto fronteirizo con Portugal, xa que este resultado constitúe un antecedente do moderno portugués *prouve*.

Barracido (HGP) (2 v.), *diso* [1274 Ourense (DCOU), 1315 Bama (FDUSC), 1327 Bama (FDUSC), 1332 Santiago (FDUSC), 1336 Santiago (FDUSC) (2 v.), 1342 Santiago (FDUSC), 1345 Santiago (SBC), 1347 Bama (FDUSC), 1347 Santiago (SBC), 1354 Santiago (SBC), 1359 Santiago (SMB) (3 v.), 1377 Santiago (SMB) (4 v.), 1385 Muros (FDUSC), 1386 Muros (FDUSC), 1390 San Martiño (ROT), 1392 Terra de Dubra (FDUSC), 1394 Tui (ROT), 1399 Muros (FDUSC), 1404 Santiago (FDUSC), 1407 Órrea (SCO), 1407 Salgueiros (FDUSC) (2 v.), 1414 Santiago (SBC), 1417 Viveiro (SDV) (2 v.), 1421 Viveiro (SDV), 1422 Santiago (5 v.), 1423 Santiago (FDUSC) (6 v.), 1427 San Martiño de Coucieiro (FDUSC) (14 v.), 1431 Ourense (SERS) (2 v.), 1432 Santa María de Quintá (FDUSC) (2 v.), 1432 Santiago (FDUSC) (8 v.), 1433 Carnota (FDUSC) (4 v.), 1433 Muros (FDUSC) (2 v.), 1433 Xanza (FDUSC) (2 v.), 1434 Barracido (HGP), 1434 Muros (FDUSC) (3 v.), 1434 Noia (FDUSC), 1434 Santiago (FDUSC) (3 v.), 1436 Muros (FDUSC) (4 v.), 1437 Santiago (SBC), 1438 Santiago (FDUSC), 1438 Seárez (FDUSC) (19 v.), 1446 Muros (FDUSC) (2 v.), 1447 Viveiro (SDV) (7 v.), 1450 Viveiro (SDV) (9 v.), 1456 Santiago (SBC), 1457 Santiago (SBC) (5 v.), 1458 Santiago (SBC), 1459 Viveiro (SDV) (3 v.), 1481 Mondoñedo (SCO) (4 v.), 1487 Mourente (FDUSC) (2 v.), 1491 Mondoñedo (SCO) (2 v.), 1493 Mondoñedo (SCO), 1496 Morquintián (FDUSC)], *dysso* [1328 Dubra e Montaos (SMB), 1391 Ames (FDUSC)], *dixo* [1342 Noia (SMB), 1407 Órrea (SCO)], *dyso* [1391 Ames (FDUSC)] e *dijo* [1407 Órrea (SCO) (9 v.), 1434 Viveiro (SDV)]; de *estar esteuo* [1310 Lourenzá (HGP) (2 v.), 1316 Monforte (HGP), 1325 Monforte (DAG), 1333 Caldelas (HGP)]; de *haber temos ouvo* [1369 Viveiro (SDV), 1388 San Estevo de Ribas de Sil (SERS), 1407 Viveiro (SDV), 1420 Viveiro (SDV), 1429 Santiago (SBC), 1432 Santiago (FDUSC), 1438 Santiago (FDUSC), 1450 Viveiro (SDV)] e *ouuo* [1414 Lugo (HGP), 1473 Oseira (HGP) (3 v.)]; de *pracer reunimos aprougo* [1255 Mondoñedo (DAG)], *plougo* [1259 Paradela (DAG), 1267 Sarria (DAG), 1274 Portomarín (HGP), 1278 Allariz (SERS)], *aplougo* [1265 Allariz (SERS), 1274 Allariz (DCOU)], *prougo* [1310 Lourenzá (HGP)], *plouuo* [1333 Terra de Deza (HGP)], *plogo* [1475 Santiago (SBC)]; de *ter testemuñámo-las formas teuo* [1264 Temes (DAG), 1267 Samos (DAG), 1316 Monforte (HGP), 1348 Camba (HGP), 1361 Ribadavia (SDR), 1375 Monforte (DAG), 1399 Muros (FDUSC) (2 v.), 1414 Lugo (HGP), 1422 Santiago (FDUSC) (2 v.), 1427 San Martiño de Coucieiro (FDUSC) (3 v.), 1433 Carnota (FDUSC) (2 v.), 1434 Muros (FDUSC) (2 v.)], *tevo* [1327 Ribadavia (ROT), 1340 San Estevo de Ribas de Sil (SERS), 1347 Santiago (FDUSC) (2 v.), 1347 San Estevo de Ribas de Sil (SERS), 1352 San Estevo de Ribas de Sil (SERS), 1358 San Estevo de Ribas de Sil (SERS), 1360 Santiago (SBC), 1362 San Estevo de Ribas de Sil (SERS), 1371 San Estevo de Ribas de Sil (SERS) (2 v.), 1377 Santiago (SMB), 1390 Santiago (SBC), 1403 Santiago (SBC), 1407 Santiago (SBC), 1407 San Estevo de Ribas de Sil (SERS), 1417 San Estevo de Ribas de Sil (SERS), 1418 San Estevo de Ribas de Sil (SERS), 1422 Viveiro (SDV), 1431 Órrea (SCO), 1431 Santiago (SBC), 1437 Santiago (SBC), 1462 Viveiro (SDV)], *tovo* [1370 San Estevo de Ribas de Sil (SERS), 1390 San Martiño

(ROT)], *tebo* [1417 Santo Estevo de Ribas de Sil (SERS)] e de *traer* recollémo-lo resultado *trouxo* [1422 Santiago (FDUSC) (2 v.), 1479 Pobra de Brollón (DAG), 1500 Ribadavia (HGP)]. As áreas nas que estes se concentran aséntanse praticamente por todo o territorio aínda que en épocas diferentes. No século XIII documentamos esta innovación morfolóxica de maneira case exclusiva nunha zona ourensá (Allariz, Ourense) e noutra luguesa (Mondoñedo, Paradela, Sarria, Portomarín, Temes, Samos, Meira). No XIV, á parte destas dúas demarcacións, con máis documentacións en Lourenzá, Monforte e Viveiro, atopamos exemplos en documentos procedentes dunha ampla zona que comprende, máis ou menos, a diocese santiaguesa e o Baixo Miño (Muros, Santiago, Bama, Terra de Dubra, Tui, Baiona, Dubra e Montaos, Vilachá, Noia, Ames, San Martiño de Coucieiro, Carnota, Salgueiros, Santa María de Quintá, Xanza, Barracido, Seárez, Mourente, Morquintián).

Con todo, e aínda que esta sexa a situación xeral, a cronoloxía desta mudanza morfolóxica non coincide para a maioría dos verbos. Á vista das documentacións de *estar*, por exemplo, a diferenciación entre a P1 e P3 parece estar resolta a principios do XIV. Sen embargo, para *haber* e *ter* o período de convivencia das dúas formas posibles para a P3 chega ata as primeiras décadas do século XV. Para *dicir* o uso das dúas variantes é simultáneo durante o século XIII e, sobre todo, no XIV; incluso nun mesmo punto xeográfico (Baiona, Santiago) é posible recoller estes dous resultados. Pola contra, para a P3 de *aduzer*, *caber* e *traer* documentamos unicamente formas tardías en *-o*, para os dous primeiros do século XV e para o último do XV e do XVI.

Vistos na súa totalidade, a evolución cronolóxica e porcentual destes resultados establecése tal e como representa o seguinte gráfico<sup>16</sup>:




<sup>16</sup> Conscientemente, non se inclúen neste gráfico os resultados documentados para o século XVI, unicamente unha forma, porque poderían distorsionar a interpretación do mesmo. Os datos das tres centurias anteriores son o suficientemente abundantes e clarificadores como para poder presentalos de maneira tan gráfica.

Para o segundo dos grupos establecidos anteriormente, aquel que acolle as formas monosilábicas de *facer*, *pór* e *querer*, a situación é semellante. Estas formas, coincidentes coas que presentaban para a P1, resultan más habituais nas primeiras épocas do galego escrito (séculos XIII e XIV) e só a partir do XV perden a súa vitalidade en favor dos resultados innovadores con incremento do morfema *-o*. Daquelas primeiras formas só documentamos exemplos de *facer* e *pór*: *fez* [1284 Tebra (ROT) (2 v.), 1288 Baiona (BVM), 1288 Baiona (ROT), 1295 Santiago (FDUSC), 1299 Santiago (HGP), 1319 San Estevo de Ribas de Sil (SERS), 1327 Bama (FDUSC), 1328 San Miguel de Deiro (FDUSC), 1330 Santiago (FDUSC), 1331 Santiago (FDUSC), 1332 Baiona (ROT), 1332 Santiago (FDUSC), 1336 Santiago (FDUSC), 1340 Santiago (FDUSC), 1342 Santiago (FDUSC), 1344 O Eixo (FDUSC), 1344 Santiago (FDUSC), 1345 Vilachá (FDUSC), 1347 Santiago (FDUSC), 1347 Terra de Sobroso (ROT), 1352 Santiago (FDUSC), 1353 Santiago (FDUSC), 1359 Santiago (FDUSC) (2 v.), 1370 Tui (ROT), 1382 Terra de Taboada e Ribadulla (SMB) (2 v.), 1394 Tui (ROT), 1399 Muros (FDUSC) (6 v.), 1401 Terra de Salnés (FDUSC), 1403 Nogueira (HGP), 1423 Santiago (FDUSC), 1436 Cambeiro (FDUSC), 1437 Santiago (SBC), 1450 Viveiro (HGP)], *ffez* [1290 Salvaterra (BVM), 1290 Salvaterra (HGP), 1315 Tebra (ROT), 1342 Baiona (ROT)], *fiz* [1333 Santiago (FDUSC), 1342 Santiago (FDUSC), 1378 Santiago (FDUSC), 1432 Santa María de Quintá (FDUSC), 1436 Muros (FDUSC)], *fes* [1382 Terra de Dubra (FDUSC), 1420 Viveiro (SDV), 1421 Viveiro (SDV), 1433 Carnota (FDUSC) (3 v.), 1450 Viveiro (HGP), 1450 Viveiro (SDV) (2 v.)], *fis* [1399 Muros (FDUSC)], *fiis* [1435 Muros (FDUSC), 1436 Muros (FDUSC)] e *pos* [1327 Bama (FDUSC), 1336 Santiago (SMB)], *pus* [1327 Terra de Dubra (FDUSC)]. Estes resultados son propios de dúas áreas occidentais do territorio, unha, a xa mencionada do sur de Pontevedra, con documentacións en Tebra, Baiona, Salvaterra, Terra de Sobroso e Tui, e outra máis ampla que se corresponde *grosso modo* coa diocese de Santiago, con formas tiradas de documentos provenientes de Santiago, Terra de Dubra, Bama, San Miguel de Deiro, O Eixo, Vilachá, Terra de Taboada e Ribadulla, Muros, Carnota, Terra de Salnés, Nogueira, Cambeiro e Santa María de Quintá. Fóra destas dúas demarcacións recollemos varias mostras en Viveiro no século XV e só unha en San Estevo de Ribas de Sil.

Para as formas innovadoras as documentacións que puidemos rastrexar para *facer*, *pór* e *querer* son as seguintes: *fezo* [1254 San Estevo de Ribas de Sil (SERS), 1266 Castroverde (DAG), 1287 Terra de Caldelas e Trives (SSST), 1298 Monforte (HGP), 1326 Santiago (FDUSC), 1352 Santiago (SMB), 1354 Santiago (FDUSC), 1372 Santiago (SERS), 1390 San Martiño (ROT) (2 v.), 1394 Baiona (ROT), 1404 Santiago (FDUSC), 1405 Santiago (FDUSC), 1422 Santiago (FDUSC), 1426 Oseira (HGP), 1427 San Martiño de Coucieiro (FDUSC), 1429 Santiago (SBC), 1432 Santa María de Quintá (FDUSC) (9 v.), 1432 Santiago (FDUSC) (2 v.), 1433 Muros (FDUSC), 1434 Muros (FDUSC) (8 v.), 1434 Noia (FDUSC) (2 v.), 1441 Muros (FDUSC), 1442 Santiago (FDUSC), 1450 Muros (FDUSC), 1450 Viveiro (HGP), 1457 Santiago (SBC), 1496 Morquintián (FDUSC)], *feso* [1346 Mondoñedo

(SCO), 1369 Viveiro (SDV), 1407 Órrea (SCO), 1407 Salgueiros (FDUSC), 1414 Lugo (HGP) (3 v.), 1420 Viveiro (SDV) (4 v.), 1421 Viveiro (SDV), 1422 Viveiro (SDV), 1431 Órrea (SCO), 1431 Ourense (SERS), 1433 Muros (FDUSC), 1434 Viveiro (SDV), 1436 Cambeiro (FDUSC), 1450 Viveiro (SDV), 1456 Santiago (SBC) (2 v.), 1457 Santiago (SBC), 1459 Viveiro (SDV), 1460 Ribadavia (SDR), 1462 Viveiro (SDV), 1473 Oseira (HGP), 1473 Viveiro (SDV) (2 v.)], *fizo* [1369 Tui (ROT), 1385 Santiago (SMB) (2 v.), 1434 Muros (FDUSC), 1496 Morquintián (FDUSC), 1516 Padrín (HGP)], *fiço* [1432 Ribadavia (SDR), 1507 Ribadavia (SDR)], *fiso* [1433 Muros (FDUSC)], *feço* [1458 Santiago (SBC), 1498 Castro de Rei (SMCR)], *posso* [1275 Ourense (DCOU)], *poso* [1367 Tui (ROT), 1422 Santiago (FDUSC), 1432 Santa María de Quintá (FDUSC), 1432 Santiago (FDUSC), 1432 Xanza (FDUSC), 1437 Santiago (SBC)], *puso* [1496 Morquintián (FDUSC)] e *quiso* [1422 Santiago (FDUSC)]. Estas formas aparecen de maneira moi minoritaria nos séculos XIII e XIV e maniféstanse de maneira máis xeral no XV. Na primeira das centurias documentamos este tipo de resultados en puntos da franxa central de Lugo e Ourense (San Estevo de Ribas de Sil, Caldelas, Ourense, Castroverde e Monforte). No século XIV, á par das mesmas zonas (máis exemplos en Mondoñedo e Viveiro e no termo ourensán de San Martiño), rexistramos documentacións en Santiago e en dous puntos do sur de Pontevedra (Baiona, Tui). Nos dous séculos seguintes a xeneralización das formas en *-o* evidénciase na cantidade de mostras que recollemos nas diferentes comarcas do territorio, Castro de Rei, Lugo, Órrea e Viveiro na zona luguesa; Ourense, Ribadavia e Oseira na actual provincia ourensá e Santiago, Salgueiros, Muros, Cambeiro, San Martiño de Coucieiro, Santa María de Quintá, Noia, Morquintián, Xanza e Padrín na franxa máis occidental.

A plasmación gráfica da evolución cronolóxica destes dous posibles resultados analizados en termos porcentuais quedaría tal e como mostra o seguinte cadro<sup>17</sup>:



<sup>17</sup> Ó igual que para o cadro anterior tampouco temos en consideración o único exemplo recollido en documentos do século XVI.

A comparación dos datos recollidos agora cos reproducidos no apartado anterior permite establecer puntos do territorio nos que se detectan períodos de convivencia das dúas formas, a tradicional ou máis antiga e a innovadora. Así parece ocorrer polo menos en dous puntos da zona do Baixo Miño cos resultados de *facer*. En textos redactados en Baiona durante o século XIV conviven resultados como *fez* [1332 Baiona (ROT)], *ffeze* [1342 Baiona (ROT)] e *fezo* [1394 Baiona (ROT)], e en Tui *fez* [1370 Tui (ROT), 1394 Tui (ROT)] con *fizo* [1369 Tui (ROT)].

Coa análise de tódolos resultados de perfectos fortes de P3, disilábicos e monosilábicos, parece innegable admiti-la existencia de variación rexional neste punto, variación que non só permite diferenciar textos galegos de portugueses, como no seu día anunciou Clarinda Maia<sup>18</sup>, senón tamén textos galegos dunha e doutra zona.

4. Rematada esta pequena aproximación á morfoloxía verbal do galego medieval parece quedar claro que xa naquela altura non só é posible dar conta da variación interna que se producía no galego, senón tamén que é factible delimitar áreas xeográficas e períodos cronolóxicos en base a esa mesma variación. Algunos dos fenómenos aquí analizados anuncian xa a situación que hoxe describen os atlas lingüísticos e as aproximacións á gramática de diferentes variedades diatópicas dentro do galego. Así mesmo, a identificación de áreas lingüísticas diferenciadas neste período (diocese de Santiago, sur de Pontevedra, franxa central de Lugo e Ourense) permite entender e, dalgunha maneira, xustificar distribucións dialectais actuais. A conclusión da nosa modesta contribución con datos tomados do galego medio (séculos XVI-XVIII) serviría para facer un seguimento completo dun proceso de variación que se inicia coa escrita do idioma e continúa aínda hoxe.

Corpus:

SDV: José García Oro (1987): "Viveiro en los siglos XIV y XV. La Colección Diplomática de Santo Domingo de Viveiro", in *Estudios Mindonieenses* 3, pp. 11-131.  
 SMB: Clara Rodríguez Núñez (1989): "Santa María de Belvís, un convento mendicante femenino en la Baja Edad Media: 1305-1400", in *Estudios Mindonieenses* 5, pp. 335-485.

SBC: José Ignacio Fernández de Viana y Vieites (1995): *El Tumbillo de San Bieito do Campo (Santiago)*. Granada: Universidad de Granada.

SERS: Emilio Duro Peña (1977): *El Monasterio de San Esteban de Ribas de Sil*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo".

SRD: M<sup>a</sup> del Carmen Enríquez Paradela (1987): *Colección Diplomática del Monasterio y Convento de Santo Domingo de Ribadavia*. Ourense: Boletín Avriense, Anexo 8.

<sup>18</sup> Vid. Clarinda de Azevedo Maia (1997) (reimpresión): *História do Galego-Português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI. (Com referéncia à situación do galego moderno)*. Coimbra: Fundação Calouste Gulbenkian/Junta Nacional de Investigación Científica e Tecnológica, pp. 746-747.

- BVM: M<sup>a</sup> del Carmen Pallares Méndez e Ermelindo Portela Silva (1971): *El Bajo Valle del Miño en los siglos XII y XIII. Economía agraria y estructura social.* Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- ROT: Ermelindo Portela Silva (1976): *La Región del Obispado de Tuy en los siglos XII a XV.* Santiago de Compostela: Imp. El Eco Franciscano.
- FDUSC: María Xosé Justo Martín e Manuel Lucas Álvarez (1991): *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela. Pergameos da Serie BENS do Arquivo Histórico Universitario. (Anos 1237-1537).* Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- HGP: Clarinda de Azevedo Maia (1997) (reimpresión): *História do Galego-Português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI. (Com referência à situação do galego moderno).* Coimbra: Fundação Calouste Gulbenkian/Junta Nacional de Investigação Científica e Tecnológica.
- DAG: Margot Sponer (1935): “Documentos antiguos de Galicia”, in *Anuari de l’Oficina Romànica de Lingüística i Literatura*, vol. VII, 1934, pp. 113-192.
- SSST: Emilio Duro Peña (1967): “El monasterio de San Salvador de Sobrado de Trives”, in *Archivos Leoneses* 41, pp. 7-86.
- DCOU: Emilio Duro Peña (1996): *Documentos da Catedral de Ourense.* Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- SCO: Enrique Cal Pardo (1985): “El Monasterio de “Dueñas” de Santa Comba de Orrea”, in *Estudios Mindonienses* 1, pp. 13-81.
- SMCR: Emilio Duro Peña (1972): “El monasterio Cisterciense de Santa María de Castro de Rey”, in *Archivos Leoneses* 52, pp. 9-45.

Consultadas parcialmente:

- SV: Fermín Bouza-Brey Trillo (1965): *El señorío de Villagarcía desde su fundación hasta su marquesado (1461-1655).* Santiago de Compostela: Cuadernos de Estudios Gallegos, Anexo XV.
- SMO: Miguel Romaní Martínez (1989): *La colección diplomática de Santa María de Oseira (1025-1310).* 2 vols. Santiago de Compostela: Tórculo Edicións.
- SMO: Miguel Romaní Martínez et alii (1993): *Colección diplomática do mosteiro cisterciense de Santa María de Oseira (Ourense) 1310-1399.* vol. 3. Santiago de Compostela: Tórculo Edicións.
- VFD: Xesús Ferro Couselo (1967): *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI. I. Terras de Ourense.* 2 vols. Vigo: Galaxia. Ed. facsímil: Vigo: Galaxia/Fundación Penzol, 1996.
- SDS: Carmen Manso Porto (1982/1984): “El códice medieval del convento de santo Domingo de Santiago”, in *Archivo dominicano* 3 (1982), pp. 117-164, 4 (1983), pp. 79-129, 5 (1984), pp. 43-90.
- SMIC: Enrique Cal Pardo (1983): *El monasterio de san Miguel de la Isla de la Colleira (Historia y leyenda). Colección Documental.* Madrid: Ed. do autor.
- DG: Andrés Martínez Salazar (1911): *Documentos gallegos de los siglos XIII al XVI.* A Coruña: Imprenta de la Casa de Misericordia.